

## **ANEXO I: Intervención sobre o Estado do Concello con motivo do debate da Conta Xeral do 2015 no pleno ordinario de setembro de 2016.**



### **2.- CONTA XERAL DE 2015: espellismos e ilusións ópticas**

#### **2.1.-SÍNTESE da análise**

Após facer unha análise detida das diferentes partidas, tanto polo lado do gasto canto polo lado do ingreso, vemos que **o resultado orzamentar positivo (a diferenza do ano 2014) é bastante enganoso e pode inducir a ilusións ópticas.**

**Explícase porque se deixou de pagar a débeda pública, pasando de pagar 1.200.000€ en 2014 a 189.000 en 2015, cun diferencial de 1.025.165,76€ que explica por si mesmo a redución do gasto. Iso si, como consecuencia, a débeda pública segue sendo superior aos 3 millóns de euros, pois non se pagaron os 597.694,52€ que se prevían no orzamento e aínda cumprindo as previsións do plano de axuste non remataría de abonarse até marzo de 2022.**

Sen entrar a valorar a pertinencia de reducir o pago da débeda, excesivo a todas luces en 2014, o certo é que non só non se conseguiu saír do plano de axuste (xustificación dada en 2014 polo Goberno para semellante servizo de débeda) senón que **en 2015 superouse a regra do gasto obrigando a adoptar un plano económico-financeiro en 2016.** E a grande pregunta é para que e para quen e con que finalidade? Sobre todo, tendo en conta o

**pouco rigor deste Goberno que procedeu irresponsábel e irregularmente gastando máis de 600.000€ sen consignación orzamentar en pistas e abusando da figura do contrato menor.** E aínda fachendea, o mundo ao revés.

**Se analizamos o gasto detidamente vemos que este incrementouse substancialmente** xa que, restándolles as maiores transferencias de capital, obtemos **unha suba de 375.795,76€** en diversas partidas, nomeadamente gasto en persoal, que se incrementan con respecto a 2014 descontando o xa antes aludido.

**Polo lado do ingreso o que temos é unha suba impositiva brutal sobre a veciñanza, nomeadamente no IBI.** Así a suba dos ingresos (1.212.347,06) correspóndese en máis da metade a transferencias de capital doutras institucións, que se corresponden cos gastos correlativos, e os restantes **587.319,37€ proceden das suba dos impostos directos** (434.605,34€), ficando 152.714,03 que se explican polo aumento das transferencias correntes (90.000€) **e o incremento do cobro de taxas por parte do concello.**

**Explicado isto, fica demostrado e en evidencia que hai moi pouco do que fachendea e que a xestión económica desta concello se fundamenta na improvisación e en castigar ao conxunto da veciñanza en canto non se adopta ningún axuste na institución ou no gasto dos órganos de goberno nin se desenvolven accións ou programas destinados a dinamizar ou coadjuvar os piares da estrutura económica local, presa nunha espiral depresiva que se retroalimenta e cun aumento notábel do endebedamento no sector privado, que xa era un problema antes de 2008.**

Como lles dixen na Conta Xeral de 2014 Chantada xa non é que non teña un concello, en tanto en canto axente proactivo e que incide favorabelmente no seu medio social, senón que, e isto é particularmente grave, conta cunha institución secuestrada, ao servizo de camarillas, que castiga á maioría social e alimenta cunha política económica contracíclica a depresión.

## 2.2.- ANÁLISE NÍVEL MICRO

### 2.2.1.- Táboa-resumo COMPARATIVA gasto 2014-2015

CONTA XERAL CHANTADA 2015. ANÁLISE DO GASTO					
CÓ DI GO	CONCEPTO	CANTIDADE (en €)		PORCENTAXE	
		2015	2014	2015	2014
011	Débeda pública	189.256,55	780.874,44	3,43	14
311	Amortización débeda anticipada	0	433.547,87	0	8
<b>TOTAL DÉBEDA PÚBLICA</b>		<b>189.256,55</b>	<b>1.214.422,31</b>	<b>3'43%</b>	<b>22%</b>
132	Policía Local	318.215,23	281.588,98	5,78	5,19
134	Mobilidade Urbana	92.707,32	-	1,68	-
135	Protección civil	34.118,08	45.393	0,61	0,838
136	Brigada incendios	646,13	33.270	0,011	0,614
150	Administración xeral urbanismo	605.255,30	695.285,84	10,99	12,84
151	Urbanismo	63.067,24	61.777,36	1,14	1,14
152	Vivenda	29.544,94	12.443,83	0,53	0,229
155	Vías Públicas	0	631,30	0	0,011
161	Auga	66.081,05	52.290,95	1,20	0,965
162	Recollida e tratamento do lixo	646.961,65	572.338,67	11,75	10,57
165	Alumeado público	363.122,64	447.078'88	8,12	8,25
170	Ad. xeral medio ambiente	13.566,25	465,60	0'24	3,304
171	Parques e xardíns	192.246,42	ND	3,49	ND
179	Outras relacionadas co m. ambiente	0	10.862,53	0	0,2
230	Ad. Xeral Servizos Sociais		484.609,78		8,949
231	Asistencia Social Primaria	914.646,45	32,67	16,62	0'0006
233	Asistencia a persoas dependentes		0		0
241	Fomento do emprego <sup>1</sup>	96.543,33	200.045,89	1,75	3,69
320	Ad. xeral educación	79.059,35	79.692,81	1,43	1,47
321	Prescolar	0	177	0	-
323	Promoción educativa	0	444,91	0	0,008
330	Ad. xeral cultural	152.637,35	185.665,77	2,77	3,42
332	Bibliotecas e arquivos	0	0	0	0
338	Festas populares e festexos	127.737,75	152.424,51	2,32	2,815

1 Esta aplicación orzamentar componse en exclusiva de transferencias da Xunta de Galiza, financiándose coas liñas para a contratación temporal do Risga e do Obradoiro de Emprego.

340	Ad. xeral deportes	415.193,60	379.672,36	7,54	7,011
341	Promoción e fomento do deporte	0	0	0	0
342	Instalacións deportivas	0	0	0	0
410	Ad. xeral agricultura, gandería e pesca	0	708	0	0,01
420	Ad. xeral de industria e enerxía	0	0	0	0
430	Ad. xeral comercio, turismo e PEME's	105.637,63	36.860,15	1,91	0,680
431	Comercio	500	0	0,009	0
432	Ordenación e promoción turística	0	0	0	0
450	Ad. xeral infraestruturas	80.217,65	48.703,92	1,45	0,899
454	Camiños veciñais	0	0	0	0
912	Órganos de Goberno	54.752,55	67.982,30	0,99	1,255
920	Administración Xeral	861.567,77	954.239'77	15,65	17,62
<b>TOTAL</b>		<b>5.503,282,23</b>	<b>5.839.566,12</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

**Deixouse de pagar 1.025.165,76€ de débeda pública polo que realmente o gasto incrementouse sensiblemente, en parte por maiores transferencias de capital mais iso non explica 375.795,76€ que se gastaron a maiores. Por iso, tanto polo lado do ingreso como do gasto estas contas son moi enganosas. Dunha banda, apercíbese unha brutal suba impositiva sobre a veciñanza e doutra freouse en seco o servizo da débeda que segue a ser moi notábel.**

### **2.2.2.- Análise gasto grandes concesionarias**

No xa mencionado aumento real do gasto está por exemplo a partida 132 (Policía Local) que pasou de 281.588,98 (5'19%) en 2014 a 318.215,23 en 2015 (5'78%).

As **grandes concesionarias** tamén viron aumentado a súa parte no orzamento [Gas Natural, R, Ascan, Sogama e Viaqua], cunha continuada tendencia ao incremento (**18'63%**):

<b>GAS NATURAL-FENOSA (5'67%)</b> (enerxía eléctrica 221.00)		
<b>Partida orzamentar</b>	<b>Cantidade</b>	<b>TOTAL</b>
132.- Policía Local	65,20	
150.- Ad. Xeral urbanismo	1.231,93	
165.- Alumeado público	247.689,97	
231.- Asistencia social	1.729,01	
320. Ad. Xeral educación	1.158,95	

330.- Ad. Xeral cultura	1.299,77	
340.- Ad. Xeral deportes	9.689,62	
430. Ad. Xeral comercio	761,07	
920.- Administración xeral	48,762,35	<b>312.387,87</b> (36,78€/hab.)

<b>Viaqua (1,21%)</b> (auga 221.01)		
<b>Partida orzamentar</b>	<b>Cantidade</b>	<b>TOTAL</b>
150.- Ad. Xeral urbanismo	79,48	
161.- Abastecemento de auga	49,54	
161.221-05 Produtos alimenticios	4.119,18	
161.227.99 Outros traballos realizados por outras empresas	61.847,69	
171.- Parques e xardíns	87,25	
920.- Administración xeral	726,70	<b>66.909,84€*</b> (7'87€/hab.)

A maiores Viaqua ingresa as taxas que cobra á veciñanza polo abastecemento de auga no casco urbano. Antes do 2015 esa cantidade incorporábase como ingreso e gasto no orzamento, co cal permitía fiscalizar mellor os gaños da empresa.

Como é de coñecemento público, a concesión a Viaqua, daquela Aquagest, foi ampliada até o máximo legal de 50 anos por Manuel Vareal en 2007 para o "arranxo" da rúa Xoan XIII e para sacar o concello da bancarrota ao que o conduciron as súas políticas. No entanto, produciuse cun informe en contra do secretario do concello por outorgar esa obra sen concurso público entre outras graves irregularidades. De feito, a concesión está sendo investigada dentro da trama Pokemon que investiga unha macrotrama de corrupción e da que xa falamos nunha moción apresentada o 14/09/2015.

Entre as compensacións á empresa figuran o 3'5% que recibe de comisión Viaqua pola recadación do lixo ou os 3.000€ que recibe pola rede de pluviais co cal a empresa ingresará máis de 300.000€ nos máis de 30 anos de concesión. O concello tamén recibira algunhas regalías como a auga de balde para os funcionarios, aspecto que eliminou o goberno de coalición PSOE-BNG.

<b>162.- LIXO (11'75%)</b> <b>[SOGAMA e ASCAN]</b>		
<b>Partida orzamentar</b>	<b>Cantidade</b>	<b>TOTAL</b>
162.143.00 Outro persoal	19.817,80	
162.-160.00 Seguridade Social	7.153,44	
162.227 Traballos realizados por outras empresas	16.816,97	

162.227.00 Limpeza e aseo (recollida lixo)	267.253,58	
162.227.04 Custodia, depósito e almacenaxe (SOGAMA)	266.101,18	
162.227.99 Outros traballos realizados por outras empresas	6.961,60	
162.629.00 Outras inversións asociadas ao funcionamento	62.857,08	<b>646.961,65</b> (76'17€/hab)

<b>222.00.- Gasto telefónico (0,37%) [R]</b>		
331.-Ad. xeral cultura	0	
920. Ad. xeral	20.706,14*	<b>20.706,14</b> <b>(2,43€/hab)</b>
*24.716.46€ en 2014		

### 2.2.3.- Débeda pública viva

Débeda pública viva	
ANO	CANTIDADE (en euros)
2014	3.437.026,37
2015	3.279.751,05 (aprox.)
Diferenza pago débeda 2014-2015: 1.025.165,76	

### 2.3.- SÍNTESE DA ANÁLISE DO GASTO. PRINCIPAIS GASTOS E GLOSA.

Síntese análise micro gastos conta xeral 2015			
CONCEPTO	CANTIDADE en euros	PORCENTAXE	
		2015	2014
GASTO EN PERSOAL	2.260.031,06	41,06	40,29
GRANDES CONCESIONARIAS	1.046.965,5	18,63	10,23
BANCA	189.256,65	3,43	22,42
<b>TOTAL</b>		63,12	72,94

A táboa demostra ás claras dúas cousas:

a) **o gasto lonxe de reducirse disparouse tanto en persoal canto nas grandes concesionarias** que, en conxunto, suman 3.306.996,56€ dos 5.503.282,23€ que se gastaron, ou sexa 60,23% o que significa que de cada 10€ que gastou o concello de chantada máis de 6 foron destinados a persoal ou a empresas que non xeran ningún beneficio na comarca.

b) **a débeda pública segue por riba dos 3 millóns de euros** e anda por volta do montante do empréstimo e os xuros que se contraeron no pago a provedores e que, xunto á débeda da primeira etapa na alcaldía de Manuel Varela (no PP), obrigaron a asumir un Plano de axuste que se traduciu en brutais subas de taxas e impostos municipais. En 2015, no entanto, deixouse de pagar e o servizo de débeda, aínda sendo importante, é moito máis livián. Preocúpanos, iso si, que a teima de saír mediante enxeñaría financeira do plano de axuste se traduza nun retorno ao incremento da débeda e a afondar na mala xestión e uso dos fondos públicos que poderían hipotecar aínda máis o futuro do concello de Chantada.

### 3.- TÁBOA-RESUMO COMPARATIVA DO INGRESO 2014-2015

Partida	Descrición	2015	2014
<b>CAPÍTULO 1</b>			
<b>Artigo 11: IMPOSTOS AO CAPITAL</b>		<b>36,98%</b>	<b>38'97%</b>
11200	IBI rural	96.712	25.599,85
11300	IBI urbano	1.718.361,71	1.385.179,75
11400	IBI BICES	188.379,35	170.156,05
11500	IVTM – Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica	370.388,79	371.721,24
11600	Plusvalías – Imp. Incremento Valor Terreos Nat. Urbana	77.233,12	40.537,85
<b>TOTAL IMPOSTOS SOBRE O CAPITAL</b>		<b>2.451.074,99</b>	<b>1.993.194,74</b>
<b>ARTIGO 13: IAE</b>		<b>4,22%</b>	<b>5,02%</b>
13000	IAE – Imposto sobre Actividades Económicas	279.809,63	303.084,54
<b>TOTAL CAPÍTULO 1: IMPOSTOS DIRECTOS</b>		<b>2.730.884,62</b>	<b>2.296.279,28</b>
<b>Diferenza 2014-2015: + 434.605,34€</b>			

<b>CAPÍTULO 2</b>			
29000	ICIO – Imposto s/ construcións, instalacións e obras	82.089,92	105.953,28
<b>TOTAL CAPÍTULO 2: IMPOSTOS INDIRECTOS</b>		<b>82.089,92</b>	<b>105.953,28</b>
<b>Diferenza 2014-2015: - 23.863,36€</b>			
<b>CAPÍTULO 3</b>			
<b>ARTIGO 30: taxas por prestación de servizos públicos básicos</b>		<b>%</b>	<b>3,07%</b>
30000	Servizo abastecemento de auga	631,05	
30100	Servizo de submidoiros	0	
30200	Servizo recollida de lixo	159.938,94	
303	Servizo recollida de refugallos	0	
303300	Servizo de tratamento de refugallos-vertedoiro	1.698,41	
30901	Liquidación taxas Grumir	0	
<b>TOTAL ARTIGO 30</b>		<b>162.268,40</b>	
<b>ARTIGO 32: taxas por realización de actividades de competencia local</b>			<b>0'20%</b>
321	Licenzas urbanísticas	13.900,93	
322.00	Taxa por cédula de habitabilidade	4.634,61	
323.00	Outros servizos urbanísticos	0	0
325.00	Taxa por expedición de documentos	4.555,86	
329.00	Outras taxas por realización de act. de carácter local	420	0
<b>Total ARTIGO 32</b>		<b>23.511,30</b>	<b>38.769'09</b>
<b>ARTIGO 33: taxas por emprego privativo do dominio público</b>			<b>2'10%</b>
331.00	Taxa por entrada de vehículos	6.466,61	6.508,68
333.00	Taxa util. Privativa empresas telecomunicación	3.296,81	4.078,05
334.00	Taxa por apertura de gabias e calas	249,52	0
335.00	Taxa por ocupación vía pública terrazas	6.337,40	0
336.00	Taxa ocupación vía pública c/ suspensión do tráfico	913,50	579,20
336.01	Taxas piscinas	179.713,08	0
337.00	Taxas aproveitamento voo	114.133,35	86.851,70
338.00	Compensación de Telefónica	14.113,13	18.048,20
339.00	Outras taxas de util. Priv. Dominio público	12.695	9.040
<b>TOTAL ARTIGO 33</b>		<b>337.918,40</b>	<b>221.028,78</b>
<b>ARTIGO 34: PREZOS PÚBLICOS</b>			<b>4,22%</b>
341.00	Servizos asistenciais (axuda no fogar)	39.457,25	18.664,19



343.00	Servizos deportivos-piscina	70	2.668,25
343.01	Escolas deportivas	21.414	-
349.00	Outros prezos públicos	2.700	3.160
<b>TOTAL ARTIGO 34</b>		<b>63.641,25</b>	<b>24.492,54</b>
<b>ARTIGO 36: VENDAS</b>		-	-
360.00	Vendas	0	311,85
<b>TOTAL ARTIGO 36</b>		<b>0</b>	<b>311,85</b>
<b>ARTIGO 38: REINTEGRO DE OPERACIÓNS CORRENTES</b>		-	-
389.00	Outros reintegros de operacións correntes	5.875,71	401,15
<b>TOTAL ARTIGO 38</b>		<b>5.875,71</b>	<b>401,15</b>
<b>ARTIGO 39: OUTROS INGRESOS</b>			
391.10	Multas por infraccións tributarias e análogas	32.141,85	0
391.20	Multas por infraccións de ordenanza de circulación	10.725	6.000
392.11	Recargo de apremio	3.244,35	6.005,13
393.00	Xuros de demora	6.542,01	1.190,07
399.00	Outros ingresos diversos	248,33	33.762,23
<b>TOTAL ARTIGO 39</b>		<b>52.901,54</b>	<b>46.957,43</b>
<b>TOTAL CAPÍTULO 3</b>		<b>646.116,60</b>	<b>564.731,10</b>
<b>DIFERENZA 2014-2015: 81.385,5</b>			
<b>CAPÍTULO 4</b>			
<b>ARTIGOS 42, 45 E 46: TRANSFERENCIAS CORRENTES</b>			
420.00	Participación nos tributos do Estado	1.620.994,80	1.566.972,25
421.90	Outros organismos autónomos e axencias	21.944,33	0
450.00	Participación nos tributos da Galiza	387.250,96	354.980,05
450.02	Transferencia convenios coa CCAA servizos sociais	272.458,64	243.899'98
450.50	Transferencia corrente con CCAA desemprego	9,378,40	185.657,30
450.60	Outras transferencias coord. Cumprimento convenios	18.927,26	2.453,09
450.80	Outras subv. corr. da admin. Xeral da Xunta	113.121,20	32.071,38
461.00	Da Diputación de Lugo	63.483,26	29.444
<b>TOTAL CAPÍTULO 4</b>		<b>2.507.558,85</b>	<b>2.416.646,05</b>
<b>Diferenza 2014-2015: 90.912,35€</b>			
<b>CAPÍTULO 5</b>			

<b>ARTIGOS 52, 54 E 55: INGRESOS PATRIMONIAIS</b>			
521.00	Xuros depósito	1.192,29	2.195,03
541.00	Alugueiro fincas urbanas: cafetería piscinas	4.500	-
542.00	Alugueiro fincas rurais	781,83	0
550.00	Conceción adm. posto vinho mercado gando	4.508,06	4.508,06
<b>TOTAL CAPÍTULO 5</b>		<b>10.982,18</b>	<b>6.703,09</b>
<b>Diferenza 2014-2015: + 4.279,09</b>			
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>			<b>5.390.312'80</b>
<b>CAPÍTULO 7</b>			
<b>ARTIGOS 75. 76 E 77: transferencias de capital</b>			
750.80	Transferencias de capital da adm. xeral Galiza	181.903,80	0
751.00	De organismos autónomos e axencias	233.440,15	18.975,53
761.00	Deputacións (POS)	234.026,27	15.367
<b>TOTAL CAPÍTULO 7</b>		<b>649.370,22</b>	<b>24.342,53</b>
<b>Diferenza 2014-2015: + 625.027,69*</b>			
<b>[Gástanse en inversións polo que figuran tamén polo lado do gasto]</b>			
<b>CAPÍTULO 8</b>			
<b>Total capítulo 8</b>		<b>0</b>	<b>0</b>
<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>			<b>24.342'53</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>		<b>6.627.002,39</b>	<b>5.414.655,33</b>
<b>DIFERENZA 2014-2015: 1.212.347,06*</b>			
<p>Máis da metade corresponde a transferencias indirectas para inversións (625.027,69€). Os restantes 587.319,37 proceden fundamentalmente de subas nos impostos directos que cobra o concello (434.605,34€), nomeadamente o IBI, ficando 152.714,03 que se explican por aumento das transferencias correntes e incremento nas taxas que cobra o concello.</p>			